

ANEXO

Solicitud de integración nas escalas de inspección e subinspección urbanística

Nome	Apelidos	DNI	Nº rexistro persoal
Enderezo	Teléfono núm.	Correo electrónico	
Corpo/escala actual	Código do posto de traballo actual	Consellería	Situación administrativa actual
EXPÓN:			
1º. Que considera reunir os requisitos exixidos polo Decreto ... /2008, do ... de ... de 2008 para a súa integración na:			
<input type="checkbox"/> Escala de inspección urbanística. <input type="checkbox"/> Escala de subinspección urbanística.			
2º. Para os efectos da súa ulterior situación administrativa, logo de obtida a integración solicitada, expresamente manifesta que:			
<input type="checkbox"/> Desexa continuar prestando servizos no corpo ou escala actual. <input type="checkbox"/> Desexa prestar servizos na escala en que solicita a súa integración, conforme o sinalado no anterior punto 1º.			
Polo exposto,			
SOLICITA:			
A súa integración na escala anteriormente sinalada e que se proceda á declaración da situación administrativa que corresponda en virtude do antes manifestado.			
Lugar e data			
Sinatura			
SECRETARÍA XERAL CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES			

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 279/2008, do 11 de decembro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores.

O crecente interese social polas ensinanzas artísticas motivou que os correspondentes estudos regrados tivesen unha ampla regulación no marco do sistema educativo español, logo da promulgación da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Recentemente, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, afonda no tratamento específico deste ámbito educativo e define, nos seus artigos 45 e 46, os principios e a ordenación que rexen as ensinanzas artísticas, introducindo a participación do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e, de ser o caso, do Consello de Coordinación Universitaria para o nivel das ensinanzas artísticas superiores.

En desenvolvemento desta última lei orgánica, o Real decreto 365/2007, do 16 de marzo, regula o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, ao que lle atribúe unha importancia significativa como órgano consultivo do Estado e de participación dos sectores implicados en relación con estas ensinanzas.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón dunha oferta de ensinanzas artísticas que abrangue a música,

a danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño, os estudos superiores de deseño, e os superiores de conservación e restauración de bens culturais. Nesta rede de centros de ensinanzas artísticas teñen unha presenza salientable os centros superiores, como institucións dedicadas á máxima cualificación do futuro persoal profesional das artes.

A nova regulación estatal que deriva da aplicación da devandita Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como a creación do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, a existencia en Galicia dunha rede de centros públicos que atenden unha importante demanda destas ensinanzas, e a experiencia acumulada desde a aprobación da Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, aconsellan a creación dun órgano consultivo e de participación dos axentes educativos e artísticos de ámbito galego, co obxectivo de alcanzar unha eficaz política educativa no desenvolvemento específico das ensinanzas artísticas no marco do sistema educativo de Galicia.

Consonte todo o anterior, de conformidade coa competencia exclusiva e plena que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude dos artigos 27, 31 e 39 do Estatuto de autonomía de Galicia, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e logo de deliberación do Consello

da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de decembro de dous mil oito,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

DEFINICIÓN, ADSCRICIÓN E COMPETENCIAS DO CONSELLO GALEGO DE ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

Artigo 1º.-Creación.

1. Créase o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, como órgano colexiado consultivo e de asesoramento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento das políticas de coordinación e planificación das ensinanzas artísticas superiores en Galicia.

2. Este consello estará adscrito organicamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que sufragará os custos derivados do seu funcionamento con cargo aos seus orzamentos.

Artigo 2º.-Competencias.

As competencias do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores serán as seguintes:

a) Asesorar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en materia de ensinanzas artísticas, formulándolle cantas recomendacións considere oportunas para o desenvolvemento destas en Galicia.

b) Coñecer e emitir informe sobre todos os proxectos de disposicións normativas en materia de ensinanzas artísticas superiores.

c) Fomentar o coñecemento mutuo e o intercambio de información entre os centros que impartan ensinanzas artísticas superiores, así como entre estes e a Administración educativa.

d) Realizar estudos e programas de actuación sobre as materias da súa competencia e, en particular, sobre as necesidades e os problemas das ensinanzas artísticas en Galicia, así como emitir informe sobre a racionalización das ensinanzas, dos servizos e das actividades dos centros de ensinanzas artísticas existentes en Galicia, tendo en conta o previsto nos fins, actuacións e principios de calidade recollidos nos artigos 23, 24 e 25 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

e) Emitir informe sobre as propostas de creación, modificación e supresión de centros públicos que atendan ensinanzas artísticas superiores e de recoñecemento de centros autorizados, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Promover a cooperación entre os centros galegos de ensinanzas artísticas superiores, as restantes administracións públicas e outras institucións de ensino superior, estatais ou estranxeiras, para a organización conxunta de actividades e ensinanzas, nomeadamente no ámbito dos estudos de posgrao.

g) Emitir informe sobre as propostas de avaliación e mellora da calidade dos centros de ensinanzas artísticas superiores.

h) Emitir informe sobre a memoria anual presentada polos centros de ensinanzas artísticas superiores. Nos estudos e informes que se elaboren figurarán, cando proceda, os datos desagregados por sexo.

CAPÍTULO II

MEMBROS DO CONSELLO GALEGO DE ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

Artigo 3º.-Composición.

1. O Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores estará composto polos seguintes membros:

a) A persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que ocupará a súa presidencia.

b) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de ensinanzas artísticas, que ocupará a súa vicepresidencia.

c) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de ordenación universitaria.

d) Unha persoa que exerza a dirección dun centro superior por cada unha das ensinanzas artísticas superiores implantadas en Galicia, por proposta da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e nomeada polo conselleiro ou a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

e) Unha persoa designada polo conselleiro ou a conselleira competente en materia de Cultura.

f) Seis personalidades de recoñecido prestixio do ámbito das artes, nomeadas polo conselleiro ou a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

g) Unha persoa nomeada polo Parlamento de Galicia, de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, e por proposta de cada un dos grupos políticos con representación parlamentaria, se o Parlamento o considera procedente.

2. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou unha funcionaria da consellería competente en materia de educación.

3. Na composición e organización deste órgano procurarase a aplicación do principio de paridade para garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres.

Artigo 4º.-Estatuto xurídico dos seus membros.

1. O nomeamento e o cesamento nos cargos a que se refire o artigo anterior, agás os membros natos, efectuaranse mediante orde do conselleiro ou da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

2. A duración do mandato dos membros do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores será de catro anos renovable por períodos de igual duración, agás aqueles que o sexan por razón do seu cargo, cuxo mandato o será polo tempo que permanezan naquel.

3. Perderán a súa condición de membros por algunha das seguintes causas:

- a) Terminación do seu mandato.
- b) Renuncia.
- c) Incapacidade declarada por resolución xudicial firme.
- d) Morte ou declaración de falecemento, ou condena xudicial firme que comporte a inhabilitación ou a suspensión de emprego ou cargo público.

A renuncia deberá presentárselle por escrito á presidencia do consello.

4. As vacantes que se produzan entre os membros antes da finalización do seu mandato deberán cubrirse polo mesmo procedemento empregado para a súa designación no prazo máximo de tres meses, e entenderase nomeado o membro substituto polo período que reste do anterior mandato, sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior.

Artigo 5º.-*Indemnizacións por razón do servizo.*

Os membros do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores percibirán as indemnizacións que lles correspondan por razón do servizo, conforme a lexislación.

Artigo 6º.-*Réxime xurídico.*

1. O réxime xurídico do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores axustarase ás normas contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que se poidan establecer as súas normas propias de funcionamento para completar aquelas.

2. O consello adoptará os seus acordos por maioría, para o que contará un voto por cada vogal, e disporá a presidencia do voto de calidade para desfacer os empates que se poidan dar na votación.

3. As persoas que exerzan como vogais do consello poderanse substituír polas suplentes correspondentes, en casos de ausencia ou doenza, ou cando conorra calquera outra causa xustificada.

CAPÍTULO III

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO GALEGO DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

Artigo 7º.-*Estrutura interna.*

1. O Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores funcionará en pleno e en comisións.

2. O regulamento interno poderá prever cantas comisións se xulguen necesarias para o desenvolvemento das competencias que lle corresponden ao consello.

Artigo 8º.-*O Pleno.*

1. O Pleno do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, integrado por todos os seus membros, exerce as competencias que lle atribúe o regulamento interno aprobado.

2. Reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez por trimestre, e poderá facelo con carácter extraordinario cando así o acorde a presidencia ou o solicite por escrito a maioría dos seus membros. No escrito de solicitude deberán constar os motivos da sesión extraordinaria e os asuntos que se desexen incluír na orde do día. A presidencia deberá convocar o pleno no prazo máximo de catorce días hábiles desde a recepción da solicitude.

3. Poderán ser resoltos asuntos non incluídos na convocatoria das sesións ordinarias do pleno do consello logo da petición dunha cuarta parte dos seus membros e por acordo da súa inclusión na orde do día da sesión de todos os membros que integran o consello.

Artigo 9º.-*A Comisión Permanente.*

1. O Pleno designará de entre os seus membros os integrantes da Comisión Permanente, en cuxa composición estarán representados adecuadamente os sectores que integran o consello.

2. A función da Comisión Permanente consistirá en estudar, deliberar e propórle ao Pleno a adopción de acordos sobre materias que lles fosen atribuídas polo regulamento interno.

3. Son funcións da Comisión Permanente as seguintes:

a) Elaborar o informe anual sobre o estado e a situación das ensinanzas artísticas superiores, e sometelo á aprobación do Pleno.

b) Elaborar e aprobar informes por delegación expresa do Pleno.

c) Cantas cuestións lle consulte a Presidencia do consello, o Pleno ou a consellería competente en materia de educación.

Disposición adicional

A Presidencia do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores convocará, logo dos nomeamentos correspondentes, a súa sesión constitutiva no prazo de seis meses desde o día da entrada en vigor deste decreto, e o Pleno do consello aprobará o seu regulamento interno aos seis meses seguintes ao día da súa constitución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar os actos e as normas que se precisen para a

aplicación e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Decreto 280/2008, do 11 de decembro, polo que se modifica o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O Real decreto 1082/2008, do 30 de xuño, sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia), establece que a comunidade autónoma asume a administración e xestión ordinaria e habitual dos parques nacionais situados dentro do seu ámbito territorial. Igualmente, correspóndelle a aprobación e execución dos plans reitores de uso e xestión dos parques existentes no dito territorio, a determinación da composición do padroado, o seu réxime interno de funcionamento e o nomeamento do seu presidente, no marco da lexislación básica do Estado.

Mediante o Decreto 158/2008, do 10 de xullo, procédese á asunción da ampliación das funcións e servizos en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia), e a súa asignación á consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O anterior implica a modificación da estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para incluír nela a unidade administrativa que desenvolverá os servizos e funcións que asume a consellería. Para tal efecto, créase unha nova unidade, baixo a dependencia directa, orgánica e funcional, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, con nivel orgánico de servizo denominada director/a conservador/a do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

A experiencia alcanzada ante situacións de emerxencia derivadas de accidentes aconsella sinalar as

funcións e actuacións que desenvolverán os servizos provinciais de conservación da natureza e o/a director/a conservador/a do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

As citadas unidades asumirán a dirección de actuacións e medidas excepcionais para preservar os valores naturais ou danos por verteduras, así como a coordinación das funcións exercidas polo persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos ambientais como axentes da autoridade, baixo a dependencia directa da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, e sen prexuízo das que poidan corresponder a outras unidades da consellería.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, logo de informe das consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Economía e Facenda, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día once de decembro de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nos seguintes termos:

Primeiro.-Engádese un punto 2.3 ao artigo 5, co seguinte contido:

«2.3. Baixo a dependencia directa, orgánica e funcional, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza existe a seguinte unidade con nivel orgánico de servizo:

2.3.1. Director/a-conservador/a do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, coas funcións de:

a) Xestión ordinaria do parque nacional.

b) Dirección das actuacións en situacións de emerxencia derivadas de accidentes que requiran medidas excepcionais para preservar os valores naturais do parque, salvo naqueles casos en que sexa precisa a activación dalgún plan territorial ou especial de protección civil e a coordinación das funcións de vixilancia, inspección e denuncia exercidas polo persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos ambientais no ámbito do parque nacional no exercicio das súas funcións como axentes da autoridade.

c) Aqueloutras que por razón da súa competencia se lle encomenden».

Segundo.-Dáse nova redacción ao artigo 8.3.3, que queda redactado como segue:

«3.3. Servizo de Conservación da Natureza, exercerá no ámbito provincial as funcións da Dirección Xeral de Conservación da Natureza en materia de